

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9984** *Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.*

O Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

A Sentenza do Tribunal Supremo, Sección Quinta da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo, do 20 de xullo de 2010, estimou parcialmente un recurso contra o dito real decreto, anulando a expresión «Sen determinar» que figura en relación co «Tipo de área acústica f)» dedicada aos «Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen», dentro da táboa A, que establece «Os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ás áreas urbanizadas existentes», do anexo II do mencionado real decreto, dedicado aos denominados «Obxectivos de calidade acústica».

A sentenza resolve que debe solucionar a situación de indeterminación a que conduce a técnica regulamentaria utilizada para dar cumprimento ao establecido nos artigos 8 e 18.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.

En consecuencia, e en execución da sentenza citada, procédese a modificar a táboa A do anexo II do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, establecendo que nos sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que o reclamen, non se poderán superar, nos seus límites, os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas que linden con eles.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os sectores afectados, as comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.*

A táboa A do anexo II do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, substitúese pola seguinte:

## «ANEXO II

## Obxectivos de calidade acústica

Táboa A. *Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes*

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L <sub>d</sub>	L <sub>e</sub>	L <sub>n</sub>
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial.	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do previsto en c).	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso recreativo e de espectáculos.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen. (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas adecuadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo coa letra a) do artigo 18.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.

(2) No límite perimetral destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindoiras con eles.

Nota: os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.»

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN